

**II CONCURSO AUDIOVISUAL  
“ANPAS GALEGAS – Somos Rural”**

# A cultura da auga

# As lavandeiras



**CEIP PLURILINGÜE OS CASAIS  
CÓDIGO: 15025633  
MANIÑOS (FENE - A CORUÑA)**



## 1.- Introducción

*Auga fría da ribeira,  
auga fría ca baña o sol.  
Sete fundas, un xubón  
e a roupa para secar.  
E a roupa para secar  
prendida o meu corazón.*

1

Na maior parte da Galiza e até ben entrado o século XIX as mulleres lavaban a roupa no río, aos poucos foron construíndose os lavadoiros, primeiro nas cidades e posteriormente no rural.

Os lavadoiros eran espazos comunitarios completamente feminizados e importantes núcleos de socialización durante a primeira metade do século XX: un punto de encontro das mulleres das clases populares que servían para lavar a roupa da propia familia, das casas onde traballaban de “criadas” ou, como é o caso das lavandeiras da nosa contorna, para lavar a roupa dos militares e das casas ricas de Ferrol.

Un oficio tradicional de grande dureza física onde as lavandeiras estaban practicamente empapadas durante as longas xornadas de traballo. Catarros, pulmonías, reuma, bronquites, frieiras, entre outras doenzas, eran as consecuencias producidas polo frío e a humidade na súa saúde. A diferenza do que ocorría nos traballos que desenvolvían os homes o esforzo das lavandeiras non se vía recompensado nun maior salario.

Os lavadoiros servían como espazos liberadores onde as lavandeiras podían falar dos seus problemas, confidencias, rir ou cantar. Un lugar onde partillar coñecementos sobre a crianza, a sexualidade ou a organización da vida no día a día do fogar. En resumo, un espazo de sororidade e irmandade onde se transmitiren os roles femininos.

Porén, cumpre velo con perspectiva actual e non romantizar estes espazos pois, alén de ser un traballo moi duro, contribuíron a perpetuar os roles de xénero. Non se vería nunca a un home traballando nun lavadoiro, sendo este un espazo alleo para eles.

Os lavadoiros foron construcións únicas, feitos exclusivamente para as mulleres.

No noso concello, numerosas lavandeiras vivían na parroquia de Sillobre e collían a lancha para cruzar a ría cara a Ferrol os domingos. Na cidade departamental percorrían as casas para as que lavaban e regresaban coa roupa sucia nun cesto na cabeza.

O día de lavar a roupa era o luns. As lavandeiras lavaban a roupa con xabón, fregábana, batíana e dábanlle contra as laxes. Despois poñíana a clareo tendéndoa ao sol nun campo. O martes recollíanse as pezas para facer a bogada, que consistía en meter a roupa nun balde de zinc poñéndolle por riba unha saba vella. Despois de pasar

## **A cultura da auga. As lavandeiras**

novamente por auga limpa e secar no enxugadoiro, a roupa era dobrada e posta novamente no cesto para entregala na cidade o mércores.

A día de hoxe consérvanse lavadoiros en Barallobre, Magalofes, Maniños ou Limodre.

Achamos importante a conservación, catalogación e promoción deste patrimonio material e reivindicar e dar a coñecer o traballo das lavandeiras como un dos oficios máis ancestrais no século XIX na nosa contorna.

2

### **2.- O proxecto: “A cultura da auga. As lavandeiras”**

Para levar adiante o proxecto creouse unha comisión conformada por familias, dirección da ANPA e equipo docente.

Na mesma acordamos que o proxecto, nas súas diferentes fases, servira para implicar o maior número de equipas de idades e niveis académicos diferentes aproveitando o mesmo para coñecermos este oficio tradicional e os lavadoiros da nosa contorna.

A continuación explicaremos brevemente as actividades realizadas para o proxecto e as que paralelamente desenvolvemos no centro educativo. Dividiremos os apartados en:

- 2.1. Proxecto audiovisual
- 2.2. Proxecto fotográfico
- 2.3. Saída escolar polos lavadoiros de Maniños
- 2.4. Contacontos con Vero Rilo
- 2.5. Charlas de Divina Arnosó
- 2.5. Festa das Lavandeiras

#### **2.1. Proxecto audiovisual**

A pesares de encontrámonos con dificultades para condensar nun guión de menos de tres minutos toda a información que nos gustaría transmitir, unha vez conseguido comezamos co proxecto.

O primeiro paso foi gravar no estudo de radio do centro escolar a voz en off. Na gravación participou o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.

Paralelamente preparamos o “storyboard”, escollendo cales ían ser as diferentes localizacións do proxecto audiovisual. A idea do proxecto é representar o traballo das lavandeiras e, ao mesmo tempo, poñer en valor os lavadoiros do noso concello.

A gravación dos diferentes planos fixéronse nunha xornada, o domingo 17 de marzo. Participaron 7 alumnas e varias familias da escola, tanto na parte de ficción como en tarefas de produción. Na gravación contamos tamén coa colaboración especial das Lavandeiras de Sillobre.



## A cultura da auga. As lavandeiras

A montaxe realizouse tamén de maneira amateur por parte doutra familia, reducindo as máis de 2 horas de gravación aos 3 minutos finais.

### 2.2. Proxecto fotográfico

Para escoller as dez fotos que acompañan este proxecto o centro educativo solicitou a participación das familias de 2º a 6º de EP para que enviaran fotografías dos lavadoiros ou caracterizadas como lavandeiras. Desde o centro educativo animouse a botarlle imaxinación.

Posteriormente entre todas as fotos que chegaron (75) fíxose unha votación entre rapazada e mestras para elixir as 10 que serían enviadas ao concurso.

3

### 2.3. Saída escolar polos lavadoiros de Maniños

O 15 de marzo o alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria realizou unha andaina pola contorna, baixo a guía dunha das familias para coñecer os lavadoiros da zona.

### 2.4. Contacontos con Vero Rilo

O 18 de marzo a biblioteca escolar recibiu á narradora oral Vero Rilo, quen ofreceu unha sesión de contacontos para todo o alumnado, inspirada na temática do proxecto.

### 2.5. Charla coa historiadora Divina Arnosó Romero

O día 19 de marzo, a historiadora Divina Arnosó, gran coñecedora da historia de Fene, achegouse ao centro educativo e impartiu dúas charlas sobre esta temática a toda a rapazada de Educación Primaria.

### 2.6. Festa das Lavandeiras

O venres 22 de marzo dende o centro educativo, en colaboración coas familias organizouse unha “Festa das lavandeiras” na que se pediu que as nenas e os nenos, así como as familias participantes viñeran caracterizados.

Para este día contouse coa presenza das Lavandeiras de Sillobre, que deron unha breve charla e realizaron unha recreación, na que a rapazada lavou, tendeu, regou a roupa do clareo, nunha xornada lúdico-festiva de aprendizaxe vivencial.

Este proxecto contou tamén coa inestimable colaboración de mamás de ex-alumnos/as, que realizaron unha fantástica decoración para ambientar o proxecto e construíron un auténtico lavadoiro na entrada do centro escolar.

A biblioteca escolar repartiu marcapáxinas conmemorativos do evento.

MARÍA JOSÉ VILA BARREIRO




Coordinadora

LORENA PITA FRAGA



Directora



Maniños, 25 de marzo de 2024